Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2019 11:17:05
Nº Rexistro: 52848
Data envio: 22/07/2019 11:17:05.879

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta:

- Coñece a Xunta as reivindicacións do persoal e veciñanza de Rianxo en relación ao Centro de Saúde de dito Concello?
- Que vai facer a Xunta para resolver a saturación do Centro de Sáude de Rianxo polas tardes?
- Vai a Xunta aumentar o persoal do Centro de Saúde de Rianxo?
- Ten previsto a Xunta habilitar un PAC de tarde no Centro de Saúde de Rianxo?
- Vai a Xunta dirixirse ao persoal do Centro de Saúde de Rianxo para coñecer as súas necesidades?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 22/07/2019 11:15:22

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2019 13:37:14
Nº Rexistro: 52855
Data envio: 22/07/2019 13:37:14.437

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O debate sobre a inclusión da vacina para a meninxite B, o Bexsero (propiedade da empresa farmacéutica GSK), dentro do calendario vacinal e o seu financiamento sobre a financiación ou non por parte do sistema público de saúde vén sendo, de maneira activa, un elemento de discusión no eido clínico e político sobre o sistema sanitario en Galicia.

Neste debate, que obtivo relevancia pública, existiron opinións diversas e moitos profesionais apoiaron a súa inclusión dentro do calendario vacinal. Esas recomendacións, acompañadas da súa dispoñibilidade nas oficinas de farmacia, provocou unha elevada demanda do produto, a prezos elevados aínda.

Recentemente foi coñecido que existe participación de investigadores españoles do sistema público en estudios e proxectos de diversas farmacéuticas. Entre eses casos, algún investigador do sistema público de Galicia foi financiado, entre outras empresas, pola farmacéutica GSK, propietaria do Bexsero. Estes investigadores promocionaron a utilización destas vacinas, e no caso galego as responsabilidades dentro do sistema público están na dirección do IDIS (Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago), e en particular no área referida a vacinas.

A posible coincidencia de intereses entre a financiación privada e a referencia clínica dentro do sistema público na toma de decisións ou influencia sobre o caso de determinadas vacinas supón, con claridade, un elemento que necesita ser esclarecido.

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2019 13:37:14
Nº Rexistro: 52855
Data envio: 22/07/2019 13:37:14.437

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Tivo o IDIS algunha influencia na decisión do Goberno de Galicia sobre a non inclusión da vacina contra a meninxite B no calendario vacinal?

2. Coñece o Goberno da Xunta de Galicia a existencia deste posible conflito de intereses que afecta ás decisións sobre o calendario vacinal?

3. Cre a Xunta de Galicia que a información sobre posible conflito de intereses dalgún investigador do sistema público de Galicia foi efectiva e notoriamente trasladada en publicacións, informes, proxectos ou participación en tomas de decisións?

4. Considera a Xunta de Galicia que a participación de investigadores, do sistema público de saúde, expertos no tema das vacinas, en proxectos financiados por empresas farmacéuticas responde aos esixibles criterios de ética e profesionalidade?

Pazo do Parlamento, 18 de xullo de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/07/2019 13:29:39

Noela Blanco Rodríguez na data 22/07/2019 13:29:50

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2019 13:46:37
Nº Rexistro: 52858
Data envio: 22/07/2019 13:46:37.217

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Dende o ano 2011, as augas do río Furelos, no Concello de Melide, teñen análises negativas de Augas de Galicia e o Goberno local, que era do partido Popular ata as pasadas eleccións municipais, sabíao dende o primeiro momento. Xa en 2015, o entón deputado Xosé Sánchez Bugallo podía comprobar *in situ* que había varios colectores vertendo augas fecais a caño libre e chegando ao río Martagona, afluínte do río Furelos. A entón alcaldesa e hoxe conselleira de Medio Ambiente, Vivenda e Territorio non adoptou en ningún momento medidas correctoras nin fixo actuación algunha.

Consecuencias deses vertidos históricos son que a praia fluvial non poida ser usada para o baño ano tras ano (as análises deste ano 2019 tamén son negativas) ou que o desleixo dunha empresa participada pola propia Xunta de Galicia a través de Xesgalicia-Sodiga teña provocado a morte de milleiros de peixes a pasada semana nun espazo protexido (Rede Natura 2000). Resulta curioso que a Consellería de Medio Ambiente anuncie agora a incoación solidaria de expedientes sancionadores pola comisión de infraccións en materia de pesca fluvial e de conservación da natureza ao Concello de Melide (no que xa non goberna o PP) e a esa empresa na que a Xunta senta representantes no seu Consello de Administración.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas correctoras ten tomado o Goberno da Xunta de Galicia dende o ano 2011?
2. Que actuacións ten feito o Goberno para mudar esta situación dende o ano 2011?
3. Que vai facer o Goberno para arranxar o problema de contaminación dende hai anos do río Furelos, no concello de Melide?

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/07/2019 13:44:56

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/07/2019 13:45:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/07/2019 13:45:20

María Luisa Pierres López na data 22/07/2019 13:45:31

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2019 13:57:07
Nº Rexistro: 52861
Data envio: 22/07/2019 13:57:07.922

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O Goberno da Xunta de Galicia hai anos que prometía o arranxo integral da estrada autonómica PO-234 (expropiacións incluídas), no concello de Ponte Caldelas. Ata chegou a confirmar que a execución se faría por fases comezando polo tramo dende Ponte Caldelas a Laxoso, o máis perigoso por incluír varias curvas cegas e no que se asenta un maior volume de poboación. Por esta estrada pasan diariamente numerosos vehículos e ata o autobús escolar, vehículos que, polo seu volume, vense obrigados a invadir o carril contrario, provocando accidentes e poñendo en perigo a integridade da veciñanza que, reiteradamente, ten reclamado a ampliación da calzada nuns sete metros e unha senda peonil nun lateral no pobo de Laxoso.

Ocorreu que na última campaña de eleccións autonómicas a conselleira de Infraestruturas anunciaba que comezarían polo tramo entre Cerdedo-Cotobade e Ponte Caldelas, estrada PO-230, con tráficos moi inferiores e sen ningún accidente rexistrado nos últimos anos. A propia conselleira xustificábao estes días manifestando que vai ser o Concello de Cerdedo-Cotobade o que asuma o custo das expropiacións mediante a firma dun convenio, "unha fórmula de colaboración idéntica a do Concello de Ponte Caldelas", dixo, xa que logo, da execución encargarase a Consellería e co obxectivo de licitar as obras nas vindeiras semanas.

Respecto da PO-234 comezouse cun procedemento de expropiación que amosou dificultades na identificación das parcelas, polo que o Concello de Ponte Caldelas propuxo un convenio no que asumiría o pago de ata un máximo de 40.000 euros para compensar á Xunta de Galicia polas expropiacións desta estrada autonómica, proposta de convenio do que aínda nada se sabe pero que, segundo o que se acaba de explicar, gustou á conselleira. Mais, a día de hoxe, o convenio proposto polo Concello de Ponte Caldelas hai xa máis de dous anos para o arranxo integral da estrada e que abrangue 74 propiedades, segundo a relación contida no proxecto de expropiacións aprobada pola propia Xunta o pasado mes de decembro, segue sen se asinar.

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2019 13:57:07
Nº Rexistro: 52861
Data envio: 22/07/2019 13:57:07.922

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que se debería dar máxima prioridade ao arranxo da estrada PO-234, no concello de Ponte Caldelas?
2. Vai aceptar o Goberno a proposta adicional formulada polo Concello de Ponte Caldelas para construír, simultaneamente á segunda fase das obras, unha senda peonil-ciclista entre o pobo de Laxoso e Ponte Caldelas?
3. Se a resposta anterior fose positiva, vai utilizar o Goberno a mesma fórmula que na primeira fase desta estrada en Augasantas (concello de Cerdedo-Cotobade)?
4. Elixe o Goberno as estradas autonómicas a arranxar en función da súa cor política, provocando así un trato discriminatorio?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/07/2019 12:43:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/07/2019 12:43:51

María Luisa Pierres López na data 22/07/2019 12:44:01

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52863
Data envio: 22/07/2019 14:01:49.396

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas.**

No mes de maio do pasado ano, a ex conselleira de Medio Ambiente avanzaba que, "en breve", sería presentado o anteproxecto da futura Lei de residuos e solos contaminados de Galicia e que entraría na Cámara antes de rematar aquel ano 2018.

De novo, case un ano despois, o Consello da Xunta de Galicia era informado do contido do anteproxecto daquela lei co fin de, segundo explicou o propio presidente en rolda de prensa posterior, chegar aos obxectivos que marca a Directiva marco de residuos, do ano 2008. Dicía o señor Núñez Feijóo que, con este anteproxecto, Galicia avanzaría na senda da economía circular e na loita contra o cambio climático. O que non especificou foi cando verán a luz esa lei e os dous documentos de estratexia, todos anunciados hai moitos meses e dos que nada se sabe.

Nese anuncio post consello, recoñecíase que a Lei de residuos de Galicia (de 2008) está desfasada e o certo é que así é: toda a normativa da Xunta de Galicia sobre residuos está desfasada e, por desgraza, en Galicia o Goberno segue a perder a oportunidade de ocupar un importante espazo político na escena internacional e estar xunto cos países que lideran a loita contra o cambio climático, tamén nos residuos, recoñecendo agora o seu propio suspenso na xestión de residuos e botándolle a culpa aos concellos.

A Comisión Europea informa que Galicia non chega nin ao 20 por cento da reciclaxe dos residuos municipais (os concellos de máis de 5 000 habitantes deberíanse comprometer a implantar unha recollida selectiva de lixo orgánico antes de finais de 2020 e os de menos antes de finais de 2023), mais iso non impide que no informe que presentou tamén o Consello da Xunta de Galicia sobre o exercicio 2018 da entidade Sogama se presuma doutra cousa. Así, gábase o Goberno galego da transición ordenada e do avance cara a un novo concepto empresarial onde priman os principios da economía circular, a innovación tecnolóxica e a sustentabilidade. E o nivel de cinismo ascende a cotas indescritibles cando se gaba de aprobar unha bonificación do 10 por cento para

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 52863
Data envio: 22/07/2019 14:01:49.396

"premiar" a aqueles concellos que voluntariamente decidiron acollerse á rebaixa e repercutila no recibo dos seus veciños e veciñas, comprometéndose cunha xestión sostible dos residuos urbanos -cando o certo é que non hai bonificación algunha senón unha rebaixa dun 10 por cento daquela suba de case un 33 por cento no canon do ano 2013-.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende o Goberno galego que o Consello da Xunta de Galicia é o lugar axeitado para anunciar un anteproxecto de lei?
2. Pensa o Goberno que é apropiado "reanunciar" o anteproxecto da futura Lei de residuos e solos contaminados de Galicia case un ano despois de que fose anunciado pola ex conselleira de Medio Ambiente na propia Cámara?
3. É esta a présa que ten o Goberno para avanzar na senda da economía circular e na loita contra o cambio climático?
4. Para cando as estratexias de loita contra o cambio climático e de economía circular?
5. Pensa o Goberno que toda a normativa da Xunta de Galicia sobre residuos está desfasada?
6. Se a resposta fose positiva, por que non a mudou antes?
7. Que vai facer o Goberno para que os concellos de máis de 5 000 habitantes acaden a recollida selectiva de lixo orgánico antes de finais de 2020 e os de menos de 5 000 habitantes antes de finais de 2023?
8. Por que usa o Goberno un eufemismo cando fala de "premio" a aqueles concellos que se acolleron á rebaixa do 10 por cento no canon do recibo do lixo?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/07/2019 13:57:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/07/2019 13:58:06

María Luisa Pierres López na data 22/07/2019 13:58:24

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 10:37:57
Nº Rexistro: 52874
Data envio: 23/07/2019 10:37:57.394

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á información sobre o cobro de "honorarios" de investigadores públicos pagados por farmacéuticas.

O pasado martes 16 de xullo un medio de comunicación facía pública unha información co título "Investigadores de centros públicos cobran 'honorarios' das farmacéuticas cuxas vacinas promocionan". Afirma a nova do xornal que o pediatra Federico Martinón Torres, cobrou miles de euros de farmacéuticas cuxas vacinas para a meninxite promocionaban, no medio do proceso polo que o Ministerio de Sanidade debatía a incorporación ao calendario oficial, e ao tempo que a Axencia Española do Medicamento permitiu a súa comercialización en farmacias.

A Axencia do Medicamento tomou a decisión de converter Bexsero de GSK en produto de acceso en farmacias, do mesmo xeito a tetravalente de Pfizer. No 2019 as dúas vacinas pasaron ao calendario oficial a partir dos 12 anos e polo tanto implica financiamento público e miles de vendas.

Informan que o pediatra Martinón Torres ingresou 71.800 euros de Pfizer, 24.500 de GSK, 29.474 de MSD e 23.231 de Sanofi.

Federico Martinón Torres coordina o grupo de Xenética, Vacinas e Pediatría do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago, IDIS, é Xefe de Servizo de Pediatría

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 10:37:57
Nº Rexistro: 52874
Data envio: 23/07/2019 10:37:57.394

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do CHUS, coordinador de **Regalip, Rede Galega de Investigación Pediátrica**, que realiza ensaios clínicos entre outras cuestións sobre vacinas en nen@s galeg@s, ao tempo que ten moita participación en xornadas de formación para enfermería e pediatras sobre vacinas, financiados por empresas farmacéuticas (**Sanofi, MSD, Pfizer, Glaxo**).

Esta información dáse nun contexto no que o Partido Popular foi dando pasos para ceder o I+D+i do Servizo Galego de Saúde ao ámbito privado, de xeito que tanto as industrias sanitarias como a farmacéuticas privadas sexan as principais fontes de financiamento das actividades e instalacións, e polo tanto teñan o control de organismos estratéxicos como ACIS, Axencia de Docencia, Formación, Investigación, Innovación e Avaliación de Tecnoloxías e Servizos Sanitarios, e a Axencia Galega de Sangue e Tecidos.

Deste xeito ceden ás empresas privadas a formación d@s profesionais da sanidade, d@s directiv@s, o control da investigación e da avaliación das tecnoloxías, a investigación, as doazóns de sangue, coordinación de transplantes... Control por laboratorios farmacéuticos e multinacionais da tecnoloxía e da sanidade privada que orientan os contidos ás súas áreas de negocio.

É unha evidencia que a Consellaría de Sanidade e o PP crearon a ACIS, axencia galega do coñecemento en saúde, e a Axencia Galega de Sangue e Tecidos, para dar cabida á "colaboración público privada" e transferir o coñecemento do sector público á empresa privada.

As fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios deben integrarse no sector público autonómico e, por ende, no Sistema Público de Saúde de Galicia. Así mesmo, as súas contas deben someterse a rendición.

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 10:37:57
Nº Rexistro: 52874
Data envio: 23/07/2019 10:37:57.394

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Consello de Contas a este respecto estableceu no informe de fiscalización que "deben establecerse condicións que posibiliten un sistema estable de financiamento sobre o que asentar a formulación de orzamentos realistas que deben ser acompañadas de medidas rigorosas para o seu cumprimento" e que "debe implantar un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, ao fin de dispor de información adicional á administrativo-orzamentaria, e presentar as contas anuais – o balance de situación e a conta do resultado económico patrimonial – de acordo coas esixencias do referido Plan".

As fundacións de investigación sanitaria deben ser consideradas como entidades do sector público autonómico e polo tanto a actividade que realizan estar suxeita ás directrices de carácter xeral emanadas pola organización pública.

Parece evidente que esta situación debe ser obxecto de explicación e aclaración por parte d@s responsábeis da Consellaría de Sanidade, xa que todo apunta, como mínimo, a fortes conflitos de intereses.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

Cal é a opinión do Goberno galego sobre a información do cobro de "honorarios" por valor de miles de euros da industria farmacéutica deste profesional con tantas responsabilidades na sanidade pública galega?

Non considera que, como mínimo, estamos diante dunha situación de conflito de intereses?

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 10:37:57
Nº Rexistro: 52874
Data envio: 23/07/2019 10:37:57.394

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Podemos ter a garantía de que as decisións e recomendacións que realizan son en base a evidencias científicas e non criterios de vantaxe económica?

Que accións vai realizar para clarificar esta situación?

Que medidas vai tomar para garantir que os intereses da sanidade pública galega non estean supeditados a intereses privados?

Vai realizar actuacións para establecer con claridade o carácter público das 3 fundacións hospitalarias de xestión dos institutos de investigación biomédica de Galiza, e a súa dependencia da Axencia Galega do Coñecemento en Saúde (ACIS), creada a tal fin?

Vai establecer condicións que posibiliten un sistema estable de financiamento nas fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios?

Existe un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia nas fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 10:37:57
Nº Rexistro: 52874
Data envio: 23/07/2019 10:37:57.394

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/07/2019 10:28:57

Xosé Luis Bará Torres na data 23/07/2019 10:29:06

Noa Presas Bergantiños na data 23/07/2019 10:29:15

Olalla Rodil Fernández na data 23/07/2019 10:29:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/07/2019 10:29:44

Ana Pontón Mondelo na data 23/07/2019 10:29:56

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 12:51:43
Nº Rexistro: 52880
Data envio: 23/07/2019 12:51:43.926

en marea
enmarea.gal

Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e **Paula Quinteiro Araujo** deputadas do grupo parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no Artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte PREGUNTA para a súa RESPOSTA ORAL **na comisión 3ª.**

Un informe pouco sospeitoso de radicalismo económico ou de afinidade política co noso grupo parlamentar afirma : "A prolonganda taxa de temporalidade ten efectos negativos sobre a produtividade. De feito, nin as empresas nin os empregados teñen incentivos para investir en formación específica, e moito menos cando a duración do contrato é infeiror aos tres meses; situación que en 2018 arectaba a maís de 35.000 asalariados galegos. A existencia dunha taxa de temporalidade tan alta trátase de xustificar en función dunha estrutura produtiva, pero seguramente obedece moito máis ao incumprimento xeneralizado da normativa laboral e que se traduce nun abuso das figuras temporaris para cubrir postos temporais de naturaleza estable."

Ante esta afirmación que concorda coa análise que fai o noso grupo a vista dos datos de novas contratacións durante o 2018

Polo exposto as deputadas asinantes facemos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

- Que vai facer o Goberno para controlar a legaidade da contratación temporal en Galicia?

Santiago de Compostela, a 23 de xullo de 2019

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 12:51:43
Nº Rexistro: 52880
Data envio: 23/07/2019 12:51:43.926

en marea

enmarea.gal

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 23/07/2019 12:42:04

Paula Quinteiro Araújo na data 23/07/2019 12:42:13

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 12:52:54
Nº Rexistro: 52885
Data envio: 23/07/2019 12:52:54.228

en marea
enmarea.gal

Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araújo deputadas do grupo parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no Artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte PREGUNTA para a súa RESPOSTA ORAL na **Comisión 3ª.**

O SEPE ven de publicar os datos dos tipos de contratos iniciais referidos a Galicia durante o 2018, datos que transcribimos na seguinte táboa.

Tipo de Contrato	Número de contratos asinados no 2018	Porcentaxe
Contratos iniciais	1.039.025	
Indefinido ordinario	54.757	5,27
Indefinido fomento do emprego (lei 63/1997)	0	0,00
Obra ou servizo	342.322	32,95
Eventual por circunstancias da produción	525.538	50,58
Interinidade	92.578	8,91
Prácticas	6.281	0,60
Formación	3.610	0,35
Outros	13.939	1,34
Prórrogas	114.418	11,01
Convertidos a indefinidos	43.101	4,15

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 12:52:54
Nº Rexistro: 52885
Data envio: 23/07/2019 12:52:54.228

en marea
enmarea.gal

Unha vez mais os datos reflexan a falsidade do relato da ocupación laboral en Galicia do Sr Feijoo, segundo o SEPE, durante o 2018 os contratos de traballo iniciais, foron fundamentalmente de carácter eventual, o que demostra a precariedade do noso mercado laboral. Os contratos de carácter indefinido xa sexa como ordinario ou transformación en indefinido apenas chegaron ao 9.5% do total.

Compre, polo tanto, abordar o problema da temporalidade, pero tamén da legalidade deste modelo de contratación. Como é posible que o 50,5% dos novos contratos do 2018 fosen por eventuais por circunstancias da produción , cantos postos de traballo de carácter estrutural, e polo tanto indefinidos se agochan baixo ese modelo de contratación, é crible que a metade dos novos contratos en Galicia durante o pasado ano fosen de carácter circunstancial, de ser así este sería outro enorme problema da nosa economía, que esta a facer o goberno galego para desenmascarar esa posible fraude.

Polo exposto, as deputadas asinantes facemos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

- Que vai facer o goberno para mellorar e controlar o noso mercado laboral?

Santiago de Compostela, a 23 de xullo de 2019

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araújo

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 12:52:54
Nº Rexistro: 52885
Data envio: 23/07/2019 12:52:54.228

en marea

enmarea.gal

Deputadas do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 23/07/2019 12:20:23

Paula Quinteiro Araújo na data 23/07/2019 12:20:28

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 12:55:48
Nº Rexistro: 52889
Data envio: 23/07/2019 12:55:48.854

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e **Noela Blanco Rodríguez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A provincia de Lugo está a sufrir graves problemas demográficos, entre eles un forte e acelerado proceso de despoboación do rural fonte a cal son necesarias medidas políticas para que poda ser atallado, pero en cambio o que está a facer a Xunta de Galicia é reducir os servizos básicos en educación e sanidade o que impide vivir con normalidade no entorno rural e polo tanto fixar a poboación a pese isto pesar de que o presidente Feijoo afirmou que esta sería a lexislatura do rural.

Así está a pasar no concello de Abadín, que mantén un inaceptable servizo de pediatría.

Para os 107 nenos e nenas en idade pediátrica, a metade con menos de 6 anos, o concello de Abadín conta cun servizo de pediatría no centro de saúde que só os atende dúas horas (de 9 a 11) un único día a semana e por riba este escaso servizo o realiza unha médica especialista en medicina familiar no en pediatría, que se despraza dende Vilalba.

O resto dos días, os nenos e nenas que necesitan asistencia médica teñen que acudir a Vilalba a unha distancia duns 20 minutos en coche, onde non se lles dá cita por teléfono ou internet se a súa médica non está (o que sucede a miúdo porque nunca é substituída ante vacacións días propios ou enfermidade), polo que teñen que desprazarse antes da 9 da mañá para pedir a cita persoalmente no mostrador do centro de saúde de Vilalba e esperar a ser atendidos varias horas despois, cando os facultativos terminen de atender aos pacientes con cita.

E todos estes problemas tamén para atencións cotiáns como una vacina ou un catarro. Ante esta situación son moitos os pais e nais que terminan indo a consultas privadas con todos os gastos que isto trae aparellado, porque está claro que non teñen os mesmos servizos que os nenos e nenas de Vilalba ou de outros concellos.

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 12:55:48
Nº Rexistro: 52889
Data envio: 23/07/2019 12:55:48.854

Moitos pais e nais consideran que están sendo penalizados para que se inscriban no centro de Vilalba e con elo baixe o número de nenos e nenas en Abadín e podan xustificar eliminar a pediatría neste concello.

Esta é unha situación inadmisible que non é propia dunha sociedade avanzada e os pais e nais de Baralla están a protestar por esta faltade atención e a reclamar unha mellor atención pediátrica con toda a razón porque están sendo discriminados cunha atención claramente escasa.

Nestes momentos o goberno do PP está a facer propaganda dunha Lei de impulso demográfico, pero está claro que ningunha lei pode paliar os efectos da perda de poboación si o Goberno non pon en marcha servizos sanitarios de calidade.

Os socialistas pensamos que os pais e nais de Abadín que están denunciando a escasa cobertura pediátrica teñen toda a razón e que teñen dereito un servizo axeitado de pediatría no concello onde viven e están censados os seus fillos e fillas polo que o goberno da Xunta ten que poñer remedio de inmediato a esta situación.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que o concello de Abadín non ten un servizo de pediatría suficiente para o coidado de todas os nenos e nenas que viven nel?
2. Vai poñer remedio a Consellería de Sanidade a esta situación de servizo de pediatría limitado a dúas horas a semana?
3. Por que o servizo de pediatría o está a realizar unha medico de familia e non un especialista?
4. Que medidas vai adoptar a Consellería de Sanidade para que os veciños e veciñas de Abadín teña o servizo de pediatría que necesita?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/07/2019 12:20:31

Patricia Otero Rodríguez na data 23/07/2019 12:20:49

Julio Torrado Quintela na data 23/07/2019 12:21:08

Noela Blanco Rodríguez na data 23/07/2019 12:21:20

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:03:12
Nº Rexistro: 52892
Data envio: 23/07/2019 13:03:12.174

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG.**

Un grupo de traballadores e traballadoras da Radio Galega achegaron a este Grupo Parlamentario unha serie de reflexións sobre a situación desta entidade, cualificando a situación de "desmantelamento".

Denuncian tanto un deterioro das condicións de traballo como un desmantelamento do servizo.

En primeiro lugar, a programación deste verán na Radio Galega está conformada por 210 horas de programación pregravada, do 24 de xuño ao 1 de setembro, das cales 180 se incorporan ao magazín da mañá, suprimindo referencias temporais.

No eido de programas, sinala o persoal que desapareceu a organización en equipas con traballo de posta en común e que se prescinde de persoas de xeito sistemático, trasladando locutores a informativos a facer labores de redacción (ás veces tamén de cámara e de son), traballos que caen sistematicamente das escaletas.

Denuncia o persoal a imposición dun sistema de quendas trimestrais en informativos que imposibilita a creación de equipas de traballo, fronte ás rotacións anuais ás que a empresa se nega.

Tamén sinalan os e as traballadoras que hai escasa comunicación con elas por parte da dirección e unha organización do traballo moi caótica, non existindo unha especialización dentro do departamento de informativos, así como falta de organización.

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:03:12
Nº Rexistro: 52892
Data envio: 23/07/2019 13:03:12.174

Outra cuestión que se denuncia é o feito de que se cambia ao persoal de programas de funcións e departamentos sen causas xustificadas.

Asemade, denúnciase a sobrecarga de tarefas para o persoal con contratos en prácticas en informativos.

Tamén se denuncia a falta de cobertura de vacacións e permisos laborais, obrigando ao persoal a deixar gravados programas.

En canto á programación local, confírmase o denunciado na tempada anterior: esta desaparece practicamente, substituída por reportaxes divulgativos; en canto ás novas galegas, reléganse ás veces fronte a novas estatais e céntranse, frecuentemente, nas circunstancias internas dos grupos políticos da oposición. Asemade, non hai técnicos de son nas delegacións da Radio Galega.

No que ten que ver cos deportes, denuncia o persoal a amortización de prazas e o abuso á figura de colaboradores, así como a ausencia de persoal propio de produción de luns a venres e a falta de respecto ao descanso entre xornadas laborais das profesionais, sobre todo por causa dos desprazamentos.

No Departamento de Emisións, o persoal denuncia problemas co software, un abuso das conexións en directo sen técnico de son e falta de actualización da formación das e dos profesionais.

Asemade, indícase a falta de documentalistas no Arquivo Sonoro e a carencia de asesoramento lingüístico na maioría de quendas.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG:

- En canto se estima o aforro en persoal durante o verán por mor da emisión de 210 h de programación pregravada?

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:03:12
Nº Rexistro: 52892
Data envio: 23/07/2019 13:03:12.174

- Por que se menospreza a profesionalidade do persoal, movendo a persoas de función e prescindindo do traballo en equipo?

- Como valora a cobertura de novas diarias locais na Radio Galega?

- Cal é a razón de obrigar a quendas trimestrais en informativos, en lugar de rotacións anuais?

- Considera axeitado ás necesidades o parque móbil da CRTVG?

- A canto ascenden as dietas de desprazamento para o persoal da CRTVG? Están conxeladas dende 2003?

- Como explica a situación de desmantelamento dos Deportes na Radio Galega?

- Canto persoal en prácticas hai neste momento na Radio Galega? Que tarefas se lles asignan?

- Cal é a motivación para o desmantelamento das delegacións locais?

- Vai aumentar o persoal de asesoramento lingüístico e de Arquivo Sonoro?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 23/07/2019 13:01:28

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:05:48
Nº Rexistro: 52895
Data envio: 23/07/2019 13:05:48.560

en marea
enmarea.gal

Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e **Paula Quinteiro Araujo** deputadas do grupo parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA para a súa RESPOSTA ORAL na comisión 3ª.

A siguiente táboa conteń a variación do emprego por comunidades autónoma dende o comezo da crise-estafa.

Cadro A3.1
Variación do emprego por comunidades autónomas

	2007	2018	Variación Absoluta	Variación %	% emprego recuperado
Andalucía	3.238,6	3.030,8	-207,8	-6,4	93,6
Aragón	623,3	573,8	-49,5	-7,9	92,1
Asturias	436,7	391,9	-44,8	-10,3	89,7
Baleares	509,7	560,1	50,4	9,9	109,9
Canarias	891,1	897,2	6,1	0,7	100,7
Cantabria	261,6	241,0	-20,6	-7,9	92,1
Castela e León	1.082,1	982,8	-99,3	-9,2	90,8
Castela-A Mancha	865,0	805,0	-60,0	-6,9	93,1
Cataluña	3.576,6	3.362,2	-214,4	-6,0	94,0
C. Valenciana	2.230,0	2.042,9	-187,1	-8,4	91,6
Estremadura	414,9	378,9	-36,0	-8,7	91,3
Galicia	**1.193,3**	**1.077,6**	**-115,7**	**-9,7**	**90,3**
Madrid	3.126,8	2.990,9	-135,9	-4,3	95,7
Murcia	637,7	592,3	-45,4	-7,1	92,9
Navarra	295,5	282,2	-13,3	-4,5	95,5
País Vasco	1.001,1	923,6	-77,5	-7,7	92,3
A Rioxa	147,4	138,0	-9,4	-6,4	93,6

Fonte: Encuesta de Población Activa, INE.

Segundo datos do INE, referidos a recuperación do emprego dende o inicio da crise-estafa económica no 2007, Galicia sitúase a cola da recuperación de

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:05:48
Nº Rexistro: 52895
Data envio: 23/07/2019 13:05:48.560

en marea
enmarea.gal

emprego tomando como referencia o período 2007-2018, únicamente por diante de Asturias, Galicia ten recuperdo neste perído o 90,3 % do emprego namentras por exemplo, incluso Andalucía recuperou ata 3,3 puntos mais que o noso país.

Estes datos amosan que en termos de recuperación de emprego Galicia non converxe e amosa un preocupante menor dinamismo que o resto de territorios do estado.

Polo exposto as deputadas asinantes facemos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión 3ª.

- Que políticas vai implementar o Goberno ante o fracaso das políticas de emprego que impiden recuperar o emprego anterior a crise económica?

Santiago de Compostela, a 23 de xullo de 2019

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 23/07/2019 12:56:54

Paula Quinteiro Araújo na data 23/07/2019 12:57:05

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:23:06
Nº Rexistro: 52898
Data envio: 23/07/2019 13:23:06.946

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Un medio ambiente san é a base insubstituíble da nosa saúde e da nosa calidade de vida. A idea central da UE é que o desenvolvemento social e económico, así como o benestar humano, dependen da xestión sustentable dos recursos naturais do noso planeta. E é que a calidade ambiental é un dereito de toda a cidadanía e a súa protección unha obriga de todas as administracións, tal e como recolle a nosa CE de 1978. Así pois, a loita contra o cambio climático, a protección da biodiversidade e a nova xestión da auga e dos residuos han de ser os retos da sociedade do futuro. Ou deberían selo.

Así, o programa electoral do PP para as eleccións xerais de 2019 só recolle 6 medidas (que ocupan media páxina) dedicadas ao medio ambiente nas que unicamente fala de residuos e de forma ben escasa e xenérica. Concretamente, estamos a falar das medidas 347 a 352, que, literalmente, din: *"Promoveremos un marco legal que permita incrementar las inversiones necesarias para continuar mejorando los sistemas de reciclado. Promoveremos envases más sostenibles con diseños más ligeros y respetuosos con el medio ambiente. Fomentaremos el reciclado de los envases en la industria agroalimentaria. Avanzaremos en la implantación de recogidas separadas sobre otros flujos de residuos, que continúan recogiéndose agrupados en la fracción resto, en especial la materia orgánica. Promoveremos en los Planes autonómicos de gestión de residuos criterios que prioricen la valorización de residuos, tanto energética como material, frente a su eliminación en vertederos. Armonizaremos los criterios, a nivel nacional, del impuesto/tasa para evitar el "turismo de los residuos" entre comunidades autónomas. Promoveremos una Estrategia integral para las zonas verdes y bosques periurbanos que faciliten su accesibilidad y disfrute y favorezcan las actividades vinculadas al medio ambiente para todos."*

Só máis adiante o programa fala da auga (como se a auga non formase parte do medio ambiente), pero non recollendo unha política da auga que permita minimizar a vulnerabilidade da poboación e do medio ambiente, de acordo coa normativa europea e da aplicación do principio básico de precaución nin

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:23:06
Nº Rexistro: 52898
Data envio: 23/07/2019 13:23:06.946

considerando que o noso actual modelo de xestión da auga se atopa en proceso de revisión pola necesidade de axeitalo ao cambio climático e aos seus impactos. Nada de mudar en serio a gobernanza da auga para converter o dereito a seu acceso nun dereito humano, tal e como dispuxo a ONU no ano 2010.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende o Goberno galego que a protección da calidade ambiental é unha obriga de todas as administracións?
2. Cre o Goberno que os retos futuros dunha sociedade sustentable son xa a loita contra o cambio climático, a protección da biodiversidade e a nova xestión da auga e dos residuos?
3. Parécenlle suficientes ao Goberno as seis medidas sobre medio ambiente que recolle o programa electoral do PP para as eleccións xerais de 2019?
4. Comparte o Goberno que é preciso mudar en serio a gobernanza da auga para converter o dereito a seu acceso nun dereito humano?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/07/2019 12:52:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/07/2019 12:52:51

María Luisa Pierres López na data 22/07/2019 12:53:00

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:23:45
Nº Rexistro: 52900
Data envio: 23/07/2019 13:23:45.133

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, **Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Rosalía Crego Navarro, na súa obra "Las colonias escolares durante la Guerra Civil. (1936-1939)" concluía que cumpriran unha función educativa de grande importancia (…) podendo falar dunha auténtica renovación pedagóxica. Tratouse, en suma, dunha escola activa e creadora, dotada de obradoiros, en contacto coa natureza e con variadas actividades artísticas, literarias ou musicais. Trataron de se converter en auténticas comunidades educativas, segundo a mesma investigadora.

Nesa mesma liña, as Colonias Escolares de Covelo, no concello pontevedrés de A Lama, foron un colexio anual, gratuíto, de oito graos con todas as materias académicas, onde se impartían ademais clases de oficios, tales como costura, bordado, cantería ou solfeo. Serviron para financiar a carreira dos mellores alumnos e crearon un parque botánico chamado "Florestas" en toda a extensión da finca de máis de 40.000 metros cadrados con horta, especies arbóreas e plantas traídas de todos os puntos da xeografía mundial para que as crianzas aprendesen natureza e botánica. A finca tiña tamén piscinas de pedra natural da zona. Fora o filántropo Manuel Barreiro Cavanelas quen as fundara de maneira altruísta dentro da "Fundación Patronato das Colonias Escolares de Covelo", fundación que foi extinguida pola Xunta de Galicia en marzo de 2018, pasando as Colonias a ser propiedade do Concello de A Lama que, curiosamente, manifestou que non as quere e presentou un recurso contencioso-administrativo contra a Orde da Consellería de Educación, xusto despois de que así o fixera a Asociación de Vecinos de Laxedo.

O complexo, tanto as construcións como a propia finca, está na actualidade tremendamente degradado e require dunha profunda rehabilitación, debendo ser as diferentes institucións as que se senten para manter o obxectivo orixinario de destino a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental.

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno galego da profunda degradación do complexo das Colonias Escolares de Covelo, no concello pontevedrés de A Lama?
2. Ten pensado o Goberno levar a cabo algunha actuación para remedar esta situación? Cando?
3. Estaría disposto o Goberno a se sentar nunha mesa para manter o obxectivo orixinario de destino a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental das Colonias Escolares de Covelo?
4. Ten coñecemento o Goberno das especies arbóreas da finca de máis de 40.000 metros cadrados que envolven os edificios das Colonias?
5. Sabe o Goberno se algunha desas especies son susceptibles de ser catalogadas como árbores senlleiras? Pensa catalogalas?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/07/2019 13:16:58

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/07/2019 13:17:09

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/07/2019 13:17:20

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

María Luisa Pierres López na data 23/07/2019 13:17:30

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:26:40
Nº Rexistro: 52902
Data envio: 23/07/2019 13:26:40.981

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

En resposta á pregunta con número de rexistro 26.557, sobre a demora existente na execución do Plan de sinalización de bateas comprometido, así como os prazos estimados para este fin; na súa resposta o Goberno galego, xustifica estas tardanzas por varios motivos como pode ser a entrada en vigor da nova Lei de contratos e o cambio de Goberno do Estado, non obstante, non da ningunha resposta en canto aos prazos que baralla. Non podemos perder de vista que este plan foi anunciado por Portos de Galicia a finais do ano 2015, un plan que reforzaría a seguridade marítima, no ano 2016 coa colocación de balizas, a cargo da Consellería do Mar e en atención a Lei de Portos do Estado e da Marina Mercante. Un plan que implicaría mellorar a sinalización luminosa dos accesos aos portos galegos. Este plan executaríase ao longo dos dous anos seguintes. A día de hoxe aínda non é unha realidade.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da situación actual do plan de sinalización de bateas comprometido polo Goberno galego xa no ano 2015, e que aínda non é unha realidade en 2019?

2ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan de sinalización de bateas, ante os continuos retrasos, tendo en conta que se trata dun tema de seguridade marítima, e que xa se produciron graves accidentes?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/07/2019 13:19:11

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:26:40
Nº Rexistro: 52902
Data envio: 23/07/2019 13:26:40.981

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Patricia Otero Rodríguez na data 23/07/2019 13:19:30

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:27:09
Nº Rexistro: 52903
Data envio: 23/07/2019 13:27:09.141

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A dársena de Camariñas require de actuacións de mantemento, xa que o seu estado está a provocar danos na seguridade das persoas. Nunha reunión mantida entre Portos de Galicia e o Concello acordouse que o Concello repararía a pasarela de madeira pola que acceden os vehículos, e Portos, pola súa banda, encargaríase dos paneis laterais de cristal.

A día de hoxe o Concello xa levou a cabo os traballos acordados, pero por parte do ente portuario non se ten realizado ningún traballo.

Isto resulta bastante indignante porque para realizar calquera tipo de actividade no espazo portuario é preciso cumprir todos os requisitos exixidos polo ente, incluído o pago das taxas, como debe ser; non obstante, cando se trata de levar a cabo actuacións conxuntas de mantemento e reparacións, a realidade amosa outra situación distinta, porque nalgúns casos prodúcense atrasos na execución dos compromisos adquiridos e noutros nin sequera se executan, tendo que ser os propios concellos os que acaben asumindo todas as actuacións a pesares de contar con menos medios, agás aqueles nos que no goberna o PP, como indican os datos dispoñibles.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cando van levar a cabo as medidas necesarias para reparar a pasarela peonil do porto de Camariñas?

2ª) Cales son os motivos polos que desde novembro de 2018, aínda non se levaron a cabo as actuacións comprometidas?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/07/2019 13:16:39

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:27:09
Nº Rexistro: 52903
Data envio: 23/07/2019 13:27:09.141

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Patricia Otero Rodríguez na data 23/07/2019 13:16:58

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:27:39
Nº Rexistro: 52904
Data envio: 23/07/2019 13:27:39.174

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 (PEG), no eixe 3, *crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes,* un dos obxectivos estratéxicos que establece é "*Modernizar os portos de Galicia, garantindo os medios precisos para desenvolver un modelo de negocio en cada dársena en base ás actividades con máis demanda e á especialización e para colaborar á sustentabilidade da actividade pesqueira. "*

No mesmo plan, establécese a necesidade de *mellorar as infraestruturas dos portos pesqueiros e as lonxas para aumentar a seguridade e a calidade do traballo das persoas que se dedican á pesca e a diminuír o impacto ambiental e a contaminación.* Deste xeito os resultados que se conseguirían serían os de *contar cun sistema portuario pesqueiro adaptado ás especificidades de cada porto contribuíndo deste xeito a lograr a sustentabilidade da actividade pesqueira mediante infraestruturas modernas, especializadas e eficientes*. Finalmente, como principais liñas de actuación indica: "*a construción das novas infraestruturas necesarias para a mellora da seguridade e das condicións de traballo das persoas que se dedican á pesca.*

Cando o dito PEG comeza a súa recta final, resulta especialmente preocupante o seu incumprimento dada a situación dalgúns portos galegos, que non cómpren cos requisitos mínimos de seguridade, á espera de actuacións concretas como, por exemplo, o caso do porto de Laxe, pendente dunha dragaxe que obriga aos mariñeiros a refuxiarse no porto de Camariñas no caso de maresía, ou no porto de Malpica, no que calquera persoa que tivese a oportunidade de ver saír un barco, se sorprendería da valentía que se precisa para realizar esta manobra, xa que é evidente a situación de perigo que supón esta operación nas condicións actuais, cualificada no medio mariño como de pericia, valentía e temeridade. Pero, centrándonos no tema e diante destes obxectivos estratéxicos, só podemos falar da irresponsabilidade dun Goberno que, coñecedor da situación, e que implantou como obxectivo a modernización dos portos galegos mediante a dotación de medidas de seguridade necesarias, non cumpre cos propósitos que el mesmo estableceu, por iso cada saída do porto continúa a ser unha operación cun enorme risco para as persoas que se dedican a estes labores. Unha operación que debería ser rutineira está a provocar accidentes dramáticos máis a miúdo do desexado,

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:27:39
Nº Rexistro: 52904
Data envio: 23/07/2019 13:27:39.174

como o ocorrido o pasado decembro no que houbo que lamentar a perda dunha vida humana.

Non é un tema novo, lévase moito tempo advertindo dos riscos de non acometer as obras para evitar a situación de perigo da bocana. A pesares diso, nos orzamentos do ano 2019 non hai partidas establecidas para realizar as obras que eliminen o alto nivel de risco existente no porto.

Cabe, polo tanto, preguntarse se ante a gravidade da situación o Goberno galego ten decidido que actuacións vai desenvolver para evitar novas desgrazas, por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Valorou o Goberno galego a situación de perigo na que se atopa o porto de Malpica?

2ª) Ten decidido as medidas que levará a cabo, para evitar que novas desgrazas volvan a acorrer? En caso positivo, cales son e cando pretende acometelas?

3ª) Que medidas concretas vai levar a cabo o Goberno galego para cumprir co Plan Estratéxico Galego 2015-2020, concretamente no porto de Malpica?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/07/2019 12:47:14

Patricia Otero Rodríguez na data 23/07/2019 12:47:22

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:28:04
Nº Rexistro: 52905
Data envío: 23/07/2019 13:28:04.737

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A Consellería do Mar acaba de publicar a Orde do 19 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). O crédito orzamentario destas axudas destinado a limitar o impacto da pesca no medio mariño e adaptación da pesca á protección das especies é de 140.000 €, no relativo a mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático é de 100.000 €, e para a substitución de motores consígnanse 80.000 €.

Tal e como establece o título das axudas e posteriormente o detalle do crédito orzamentario, o obxectivo desta liña non é outro que mellorar a sustentabilidade da pesca, así como a mellora das condicións de traballo. Obxectivos que desde o Grupo Socialista compartimos xa que o consideramos de grande importancia para o futuro do sector, ademais de ir en liña co establecido no Plan Estratéxico Galego 2015-2020, eixe 3, denominado *Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes.*

Non obstante, a cuestión que se formula está en relación co crédito para tal fin, xa que a porcentaxe disposta non alcanza nin o 0,2 % do total do orzamento da Consellería do Mar. É difícil comprender como se van acadar uns obxectivos de tal importancia, sen unha asignación de maior importe. O certo é que a Consellería vén argumentando repetidamente que desde o sector non se solicitan as axudas, pero entendemos que o labor dun Goberno debe ir máis alá que a simple adxudicación ou denegación das solicitudes recibidas, debería levar a cabo accións de divulgación e sensibilización en relación cos cambios que se están a producir na pesca pola crecente e robusta evidencia de cambio climático, moi necesarias para facer chegar a este sector a necesidade de adaptarse ás novas exixencias.

Xa no ano 2015, o Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC) nas conclusións do V informe de Avaliación, realizado en colaboración con numerosos investigadores e xestores, e coordinado pola Oficina Española de Cambio Climático (OECC), expresaban a súa preocupación polos

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:28:04
Nº Rexistro: 52905
Data envio: 23/07/2019 13:28:04.737

efectos do cambio climático no medio mariño, entre outros, mencionaban cambios e efectos a nivel físico-químico (aumento do nivel e da temperatura da auga, diminución do ph…), e cambio e efectos a nivel biolóxico.

As accións son necesarias de cara a un desenvolvemento sostible, e posibles, se as institucións establecen os recursos que propicien a innovación tecnolóxica e os cambios nas condutas para a adaptación ao novo marco.

Ante esta situación as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que accións de divulgación das axudas, así como de sensibilización sobre a crecente e robusta evidencia de cambio climático, ten levado a cabo o Goberno galego dende o ano 2015?

2ª) Que accións de divulgación das axudas, así como de sensibilización sobre a crecente e robusta evidencia de cambio climático, vai levar a cabo o Goberno galego no ano 2019?

3ª) Ante a necesidade dun aumento dos investimentos en adaptación e mitigación de cambio climático como valora o Goberno destinar unicamente 100.000 euros a mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático?

4ª) Ante a necesidade dun aumento dos investimentos en adaptación e mitigación de cambio climático como valora o Goberno destinar unicamente 80.000 euros á substitución de motores?

5ª) Ante a necesidade dun aumento dos investimentos en adaptación e mitigación de cambio climático como valora o Goberno destinar unicamente 140.000 euros a limitar o impacto da pesca no medio mariño e adaptación da pesca á protección das especies 140.000 €?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/07/2019 13:22:40

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Patricia Otero Rodríguez na data 23/07/2019 13:22:57

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:28:37
Nº Rexistro: 52906
Data envio: 23/07/2019 13:28:37.163

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A Consellería do Mar acaba de publicar a Orde do 19 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros, pagadas conxuntamente co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). O crédito orzamentario destas axudas destinado a mellorar a hixiene, saúde, seguridade e condicións de traballo é unicamente de 326.665 €.

Tal e como establece o título das axudas e posteriormente o detalle do crédito orzamentario, o obxectivo desta liña non é outro que mellorar a sustentabilidade da pesca, así como a mellora das condicións de traballo. Obxectivos que desde o Grupo Socialista compartimos xa que o consideramos de grande importancia para o futuro do sector, ademais de ir en liña co Plan Estratéxico Galego 2015-2020, eixe 3, denominado *Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes*.

Por maior abastanza, a un ano de rematar o prazo da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo (EGSST) 2017-2020, na que se establecen obxectivos como a mellora substancial do benestar no traballo e das condicións laborais, o uso das novas tecnoloxías e das numerosas innovacións na organización do traballo, e a prevención eficaz das enfermidades relacionadas co traballo, non coñecemos o resultado das medidas nin o seu grao de execución.

Outro dos aspectos recollidos no documento da Estratexia fai referencia á necesidade de adaptación do lugar de traballo á accesibilidade do posto e ás intervencións dirixidas aos traballadores de maior idade. Desde o noso grupo entendemos a importancia que ten este aspecto, pero hai que destacar que un dos maiores retos que ten a pesca galega neste momento é acadar un relevo xeracional, que lle permita dar continuidade ao sector. Precisamente nese sentido desde a Consellería do Mar, sempre se esgrimiu a mellora da habitabilidade como factor fundamental para atraer novos profesionais. Esta afirmación contrasta enormemente coa cantidade ridícula de 326.665 euros que figuran nas axudas, o que representa un 0,2 % do orzamento total da propia consellería.

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:28:37
Nº Rexistro: 52906
Data envío: 23/07/2019 13:28:37.163

É difícil comprender como se van acadar uns obxectivos de tal importancia, sen unha asignación de maior importe. O certo é que a Consellería vén argumentando repetidamente que desde o sector non se solicitan as axudas, pero entendemos que o labor dun Goberno debe ir máis alá da simple adxudicación ou denegación das solicitudes recibidas, debería levar a cabo accións de divulgación e sensibilización en relación cos cambios que se están a producir na pesca, e poñer de manifesto a necesidade de realizar investimentos de cara a conseguir os obxectivos marcados no plan para mellorar a habitabilidade, as condicións de traballo e a seguridade das embarcacións.

Tanto nesta lexislatura, como nas pasadas, desde o Grupo Socialista púxose de relevo a necesidade de incrementar as partidas para mellorar a seguridade das embarcacións, entre outras medidas, consideramos necesario o establecemento de sistemas para manter as embarcacións a flote no caso de accidentes marítimos ou os sistemas individuais de localización. Pero atopámonos cun muro de pedra, xa que as iniciativas presentadas neste senso non atoparon o seu apoio, como foi o caso das emendas parciais ao proxecto de orzamentos para 2019, realizadas por este grupo, que foron rexeitadas. Por outro lado, iniciativas que se aproban neste Parlamento, non se executan, como é o caso da resolución número 56 aprobada por unanimidade na sesión plenaria do día 10 de maio de 2016, en relación co Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, que tiña o seguinte contido:

«Posta en marcha e finalización nos próximos cinco anos dun programa para o desenvolvemento de melloras a bordo dos buques, con especial fincapé nos avances na seguridade e habitabilidade a bordo, tales como a instalación de mecanismos antiafundimento.»

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que accións levou a cabo o Goberno galego desde o ano 2015 para a divulgación das axudas, así como para a sensibilización sobre a necesidade de realizar investimentos a bordo, xa sexan en novas tecnoloxías ou innovacións na organización do traballo?

2ª) Que accións vai levar a cabo o Goberno galego durante este ano para a divulgación das axudas, así como para a sensibilización sobre a necesidade de realizar investimentos a bordo, xa sexan en novas tecnoloxías ou innovacións na organización do traballo?

3ª) En que situación se atopa o cumprimento da resolución número 56, aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia no ano 2016, que supoñía a "posta en marcha e finalización nos próximos cinco anos dun programa para o desenvolvemento de melloras a bordo dos buques, con especial fincapé nos

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:28:37
Nº Rexistro: 52906
Data envio: 23/07/2019 13:28:37.163

avances na seguridade e habitabilidade a bordo, tales como a instalación de mecanismos antiafundimento.»?

4ª) Que accións se levaron a cabo por parte do Goberno galego para acadar os obxectivos establecidos na Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo (EGSST) 2017-2020, en canto á mellora substancial do benestar no traballo e as condicións laborais, así como a prevención eficaz das enfermidades relacionadas co traballo, e cal é o seu grao de cumprimento?

5ª) Considera o Goberno galego que estes obxectivos se poden acadar con 326.665 euros, cantidade que supón un 0,2 % do total do orzamento da Consellería do Mar?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/07/2019 12:40:53

Patricia Otero Rodríguez na data 23/07/2019 12:41:18

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:28:59
Nº Rexistro: 52907
Data envio: 23/07/2019 13:28:59.456

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Acaban de publicarse os últimos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA). De acordo con estes, no último trimestre do ano 2018, había un total de 15.700 persoas ocupadas na pesca, 12.200 homes e 3.600 mulleres. Como se aprecia nos datos, a redución resulta especialmente preocupante no caso das mulleres, xa que nun período de menos de 10 anos, reduciuse en torno a 2 de cada 5 mulleres.

Resultan ademais especialmente preocupantes as conclusións derivadas da análise por idades, da que se pode apreciar que a maior redución dáse entre a franxa de idade de 25 a 44 anos. Así no ano 2009 había 11.600 persoas ocupadas nese colectivo, e no ano 2018, unicamente quedan 6.300. Supón practicamente a metade.

O programa de orzamentos destinado ao relevo xeracional é o 723 A denominado "Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura", e tivo unha execución orzamentaria no ano 2017 dun 37 %, quedando, polo tanto, 6 euros de cada 10 sen executar. Este programa comprende partidas que viron reducidas considerablemente as súas dotacións orzamentarias no ano 2019.

NOME	2019	2017
Axuda a persoas mozas pescadoras	400.000 € (- 20 %)	500.000
Formación para menores de 30 anos	150.000 € (- 81 %)	800.000
Investimentos a bordo	100.000 (-93 %)	1.300.000
Saúde e seguridade	326.000 (-64 %)	900.000

A esta redución hai que lle engadir que os orzamentos da partida destinada ás axudas de persoas mozas pescadores, no ano 2018 foron transferidos na súa totalidade do programa 723 A, cara ao programa 723B de "medidas de comercialización". De acordo co expediente indícase que:

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:28:59
Nº Rexistro: 52907
Data envio: 23/07/2019 13:28:59.456

"A modificación solicitada non altera a consecución dos obxectivos previstos nos programas". É inevitable preguntarse cales son os obxectivos reais da Xunta de Galicia.

En canto ao número de afiliados e afiliadas, no ano 2009 había 24.630 persoas afiliadas, e no ano 2018 quedan unicamente 21.132, un 15 % menos. E se temos en conta os permisos de marisqueo, no ano 2009 había 4.281 dos cales 3.887 eran mulleres. Ao rematar o ano 2017, o número de permisos eran 3.797 e mulleres unicamente quedaban 2.807.

O Goberno galego menciona na súas respostas a importancia dos Grupos de Acción Local do sector pesqueiro, "para poñer en marcha proxectos que permitan dinamizar as zonas costeiras", cabe preguntarse polo impacto destes proxectos levados a cabo na cifra de persoas afiliadas ao REMSS, e cantos deses proxectos supuxeron incrementos de afiliacións no sector servizos.

Con estes datos que poñen de novo en evidencia a situación da pesca, e cunhas execucións que non alcanzan nin a metade da cantidade dotada, cantidade que xa vén de sufrir reducións de exercicios anteriores, resulta difícil comprender como pretende o Goberno galego acadar os obxectivos do Plan Estratéxico Galego 2015-2020 (PEG) o cal remata coa frase: "Unir con criterio o presente e o futuro". Temos que lamentar unha vez máis que a resposta non é outra que a de sempre: Un Goberno galego que marca uns obxectivos que non se ven apoiados polos orzamentos, e que ademais nos indicadores que se avalían non se inclúe o relevo xeracional.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego dos datos da Enquisa de Poboación Activa para o ultimo trimestre de 2018, en canto a persoas ocupadas no mar?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o estancamento na recuperación de afiliacións ao REMSS desde 2015, o cal impide recuperar os niveis de emprego de anos anteriores?

3ª) Que valoración fai o Goberno galego en canto á perda de máis de 1.000 permisos de marisqueo de mulleres desde o ano 2009 ata a actualidade?

4º) Que valoración fai o Goberno galego en canto ao estancamento na recuperación de permisos de marisqueo nos últimos anos que impide recuperar os niveis de emprego dos anos anteriores?

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

5ª) Coñece o Goberno galego o impacto que tiveron os proxectos dos Grupos de Acción Local sobre as afiliacións ao REMSS?

6ª) Coñece o Goberno galego o impacto que tiveron os proxectos dos Grupos de Acción Local sobre as afiliacións no sector servizos?

7ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para recuperar os niveis de emprego no mar?

Pazo do Parlamento, 24 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/07/2019 13:21:15

Patricia Otero Rodríguez na data 23/07/2019 13:21:31

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:29:24
Nº Rexistro: 52908
Data envio: 23/07/2019 13:29:24.407

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A finais do ano 2015 Portos de Galicia anunciaba que levaría a cabo un plan de sinalización de bateas. A día de hoxe segue pendente de ser unha realidade.

A Consellería do Mar, en resposta á pregunta oral número 37842 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre "a valoración do Goberno galego en relación coa situación actual do plan de sinalización de bateas comprometido no ano 2015, así como as medidas previstas ao respecto", (publicada no BOPG número 368 do 10 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, contestaba entre outras cuestións que "O 4 de setembro de 2018, o director de Portos de Galicia reuniuse cos responsables de Portos do Estado nesta materia. Nesta reunión entregouse aos novos responsables de Portos do Estado o documento técnico previo do proxecto, redactado para a súa supervisión."

Sorprende enormemente que a resposta referencie as accións levadas a cabo en setembro de 2018, xa que como se indicou o plan é do ano 2015, o que dá lugar a preguntarse que accións se levaron a cabo con anterioridade. Un plan que implicaría mellorar as sinalizacións luminosas dos accesos aos portos galegos. Este plan executaríase ao longo dos dous anos seguintes. A día de hoxe aínda non é unha realidade.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron os motivos que causaron o retraso na execución real do plan de sinalización de bateas desde o ano 2015, data na que foi anunciado?

2ª) Que accións se levaron a cabo por parte do Goberno galego desde o ano 2015 ata setembro de 2018?

3ª) Vai facer realidade o Goberno o plan de sinalización de bateas, cando?

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/07/2019 13:24:52

Patricia Otero Rodríguez na data 23/07/2019 13:25:11

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:33:46
Nº Rexistro: 52910
Data envio: 23/07/2019 13:33:46.345

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, **Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Rosalía Crego Navarro, na súa obra "Las colonias escolares durante la Guerra Civil. (1936-1939)" concluía que cumpriran unha función educativa de grande importancia (…) podendo falar dunha auténtica renovación pedagóxica. Tratouse, en suma, dunha escola activa e creadora, dotada de obradoiros, en contacto coa natureza e con variadas actividades artísticas, literarias ou musicais. Trataron de se converter en auténticas comunidades educativas, segundo a mesma investigadora.

Nesa mesma liña, as Colonias Escolares de Covelo, no concello pontevedrés de A Lama, foron un colexio anual, gratuíto, de oito graos con todas as materias académicas, onde se impartían ademais clases de oficios, tales como costura, bordado, cantería ou solfeo. Serviron para financiar a carreira dos mellores alumnos e crearon un parque botánico chamado "Florestas" en toda a extensión da finca de máis de 40.000 metros cadrados con horta, especies arbóreas e plantas traídas de todos os puntos da xeografía mundial para que as crianzas aprendesen natureza e botánica. A finca tiña tamén piscinas de pedra natural da zona. Fora o filántropo Manuel Barreiro Cavanelas quen as fundara de maneira altruísta dentro da "Fundación Patronato das Colonias Escolares de Covelo", fundación que foi extinguida pola Xunta de Galicia en marzo de 2018, pasando as Colonias a ser propiedade do Concello de A Lama que, curiosamente, manifestou que non as quere e presentou un recurso contencioso-administrativo contra a Orde da Consellería de Educación, xusto despois de que así o fixera a Asociación de Vecinos de Laxedo.

O complexo, tanto as construcións como a propia finca, está na actualidade tremendamente degradado e require dunha profunda rehabilitación, debendo ser as diferentes institucións as que se senten para manter o obxectivo orixinario de destino a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental.

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno galego da profunda degradación do complexo das Colonias Escolares de Covelo, no concello pontevedrés de A Lama?
2. Ten pensado o Goberno levar a cabo algunha actuación para remedar esta situación? Cando?
3. Estaría disposto o Goberno a se sentar nunha mesa para manter o obxectivo orixinario de destino a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental das Colonias Escolares de Covelo?
4. Ten coñecemento o Goberno das especies arbóreas da finca de máis de 40.000 metros cadrados que envolven os edificios das Colonias?
5. Sabe o Goberno se algunha desas especies son susceptibles de ser catalogadas como árbores senlleiras? Pensa catalogalas?

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/07/2019 13:12:06

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/07/2019 13:12:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/07/2019 13:32:24

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

María Luisa Pierres López na data 23/07/2019 13:32:47

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:56:06
Nº Rexistro: 52913
Data envio: 23/07/2019 13:56:06.388

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e **Luís Villares Naveira**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4.ª**

O 6 de xullo de 2019, logo de rematar o período de inscricións nos ciclos de FP, a Xunta daba a coñecer a eliminación do Ciclo de FP de Emerxencias e Protección Civil na Estrada, que se comezou a impartir en 2015, en conxunto entre o IES Antón Losada Diéguez e a Academia Galega de Seguridade Pública.

As razóns esgrimidas pola Xunta son motivos técnicos e organizativos e alega que é unha situación transitoria.

Esta decisión abrupta supón que haxa alumnado que quede sen a primeira opción escollida para os seus estudos de FP e outro que queda desamparado ao non ter escollido outra opción. En total, estaban inscritas 76 persoas para as 30 prazas ofertadas. Só se manterá o segundo curso do ciclo para que 27 alumnos poidan completar a súa formación.

Esta decisión é contraria á aposta por un sector de Emerxencias profesionalizado, pois mesmo a Xunta incluíu como mérito a posesión deste título de FP nas oposicións a postos deste sector, ademais de solicitar aos Concellos que tiveran en conta esta formación e de incluír esta formación como mérito para acceder aos GES.

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:56:06
Nº Rexistro: 52913
Data envio: 23/07/2019 13:56:06.388

Ademais, o feito de que se adxudicara unha vacante de docente no centro na especialidade de Procedementos Sanitarios e Asistenciais amosa a improvisación desta decisión de suprimir o ciclo de FP para o cal ten sentido esta praza.

A existencia do ciclo de FP de Emerxencias na Estrada foi motivo de gabanza por parte tanto da Xunta de Galicia como do Alcalde da Estrada, pero estas manifestacións non se corresponden coa decisión de paralizar este ciclo formativo.

Polo exposto, os deputados que subscriben formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.ª:

- É esta a aposta pola FP da Xunta de Galicia?

- Cales son as razóns que motivan esta abrupta cancelación do ciclo de FP de Emerxencias por parte da Xunta? Hai algunha discrepancia entre as Consellerías de Vicepresidencia e Educación?

- Vaise recuperar o ciclo de FP de Emerxencias na Estrada? Vaise recuperar noutra localidade? Cando?

- Vaise manter a calidade educativa no segundo curso do ciclo de FP de Emerxencias en 2019-2020?

- Como valora as consecuencias socieconómicas para A Estrada coa supresión deste ciclo de FP?

- Que vai suceder co persoal relacionado con este ciclo de FP?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2019.

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2019 13:56:06
Nº Rexistro: 52913
Data envio: 23/07/2019 13:56:06.388

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 23/07/2019 13:52:02

Luis Villares Naveira na data 23/07/2019 13:52:13

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGNIk421yyy8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/